

MANUEL ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ

Un ano máis, consideramos facer unha lembranza a Manuel Orestes Rodríguez López, en Paradela, lugar de descanso e pousada.

No seu querido Randulfe viu a luz que lle alumearía as ideas xenerosas, de loita e xustiza, nas que creeu e levou camiño adiante por onde se atopou.

Na súa nenez tivo que sufrir o desacougo da emigración, seu pai incorporado as filas no 1936 e a súa nai marchou para Barcelona cando él só contaba dous anos.

Xogaba coma tódolos nenos e nenas facendo muíños coa cabeza dun nabo.

Manuel Orestes falaba así no seu libro: "Saudade no bulleiro".

Sinto a nenez lonxana/arrebolando na eira/xogando cun balón feito de trapos/un tiracoios i aquel carromato/.

Son moi pobres os magos das aldeas i os da vila non chegan as bisbarras/.

Paeida

Foi instruido en San Pedro polo amo da casa; tomáballe a lección e rezaban o rosario.

Cando no ano 1941 súa nai volta de Barcelona, leva o neno, sendo chorado por todos.

Dende este momento considérase xa un emigrante.

A súa viaxe longa, en tren, por distintas paisaxes, contrastarían coa imaxe de Galicia retida na súa retina.

A morriña pesaría coma unha lousa naquel pequeno de sete anos.

Di Basilio Álvarez no límiar de "Soldada Mínima":

Dende as súas terras luguesas chegou a Barcelona hai xa anos, alí medrou, loitou día tras día e sobre todo traballou.

Alí faría a súa primeira comunión e más tarde nacerían as dúas irmás que tivo.

Ingresa no Instituto de Ensinanza media e no curso 46/47 estudiaria no seminario menor , adicando tempo a lectura , xogos e fútbol.

Nestas datas , xa facía poemas aproveitando as saídas e excursións.

Escribe os primeiros versos en catalán , castelán e galego.

Foi un estudiante de boas notas.

No ano 51-52 , con dezaoito anos , matricúlase no seminario maior , no primeiro curso de filosofía.

Rematando o curso , Manuel volta a Paradela de vacacións.

Confésalle ós seus pais a renuncia a voltar ó seminario.

A partir de entón abríanse novos horizontes para o escritor.

Irene , a que sería a súa muller , fora coma él , traballar a Barcelona.

Alí se coñeceron aumentando os seus encontros e o seu amor.

Verea

Casando emprenderían o camiño xuntos, tendo ós seus fillos : Enrique e Santiago que seguirían o camiño de seu pai.

Segundo din os que o coñeceron, foi un marido e pai exemplar.

A SÚA FORMACIÓN HUMANISTA

Na súa estadía, nos Seminarios, coñecería e estudiaría ós clásicos autores latíños:

Os poetas: Horacio, Virxilio, Ovidio e prosistas coma: Cicerón, Cesar, Tito Livio, entre outros.

Adquiría un coñecemento da língua e cultura latínas nada despreciables.

Tivo coñecemento e dominio do noso galego conquerido ó traverso dos anos, nas visitas que facía a Galicia e do contacto cos mestres como Basilio Losada, Alonso Montero, Casado Nieto e outros.

Conqueriu e mostrou gran dominio da lingua catalá. Nesta lingua escribe os primeiros escarceos de poesía . Coñeceu e traduciu a Verdaguer, Maragall e Salvador Espriu. Traduciu L'Atlántida de Jacinto Verdaguer do catalán ó galego. Obra póstuma publicada pola Xunta de Galicia no ano 1995.

Na súa poesía queda plasmada a relixiosidade, estereotipada no fondo do seu ser.

Tenrura cristiá no poema "Nadal unha esperanza".

Na oración a beira do Órbigo demostra o amor por tanta desgracia duns nenos afogados no río.

Adica un poema a Virxe dos Ollos Grandes e a San Froilán.

No soneto a San Roque fai referencia a que pola súa intercesión, a poboación de Lugo foi librada, hai 200 anos duns xermes víricos.

Aristina
Avela

En "semella un sono" fala da ofrenda do antigo reino de Galicia a Deus sacramentado.

Amor e fé van sempre xunguidos da man.

Aínda que, según Don xesus Mato, Manuel Orestes non foi home de ritos, nin de ceremonias ou fórmulas baleiras de sentido, arremetendo en ocasións con certos costumes clericais, antepoñendo sempre a Xustiza.

"Negareime a cantar e rezar mentres haxa quen xure e quen chore."

A pesares de enfrentarse demasiado cedo a proba da emigración, non se apagou nel o espíritu e apego á súa orixe, movéndose entre Galicia e Cataluña, establecendo sempre a ponte entre ambas.

"Eu canto a dona que en lonxanos eidos, soña cos seus nenos."

"Eu canto a moza que en cidade allea, soña coa aldea"

"Eu canto a avoa que acarrea a filla da súa filla"

David Alba

POETA OBREIRO

Despois de que deixara o Seminario e ter superadas non poucas dificultades, cun acervo cultural importante, entra a traballar nunha empresa metalúrxica, sendo un traballador exemplar pronto se fixo acreedor de xefes e compañeiros.

Máis tarde, entra nunha empresa de maquinaria cinematográfica, sendo oficial de primeira e xefe de persoal.

A empresa cerra, o que fai que Manuel escriba "Soldada Mínima".

No seu límiar, o catedrático D. Basilio Losada di:"é un poeta obreiro, ou tal vez un obreiro poeta.

O seu mundo é o dos arrabaldos industriais dos transportes colectivos, do fume das fábricas, da lama dos camiños, dos barrios obreiros, da nave da montaxe...

O poeta dos suburbios.

Sergio

Despois que quedase no paro, coma tódolos traballadores de "Ossa", en 1984, non deixou de escribir.

Afincado en Lugo no 1987, viaxou con Ánxel Fole e Benjamín Andrade polos pobos da provincia, facendo viaxes a outras comunidades e fora a Alemania.

Percorreu o Camiño de Santiago e foi embaxador lucense en Bos Aires, desenrolando actividades como a festa dos olivos.

Viaxou con Xaime Delgado, figura eminente da Arqueoloxía Cristiá, da que era afervoadamente admirador, acompañando en traballos de campo e conferencias en centros culturais de Lugo.

Escribe no "Progreso" e na "Voz de Galicia", participa en programas radiofónicos e ultimamente traducción da obra "A Atlántida".

Miguel

No 1989 diagnostícaselle unha enfermidade grave e morre no 1990.

A Instancias do noso alcalde "Xosé Manuel Mato Diaz" , entregóuselle á familia o título de "Fillo predilecto de Paradela".

E aquí nesta Casa da Cultura , fai honra a adicatoria que con merecido respeto se lle otorga.

Fagamos proveito da súa mensaxe , que con agarimo e esforzo tivo presente na súa traxectoria e para sempre quede comnosco .

Moitas gracias e Boas Noites
Feliz Nadal a todos.

Paula